



Transferencia de Crédito 006-T/21 (14/21)
Expte. Cívidas nº 2021014305
TR – 006T/2021

DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Vista a Providencia da Concellería delegada de Medio Ambiente, asinada o 07/04/2021, por esta Alcaldía e polo Coordinador de Infraestruturas e Medio Ambiente o 08/04/2021, na que se propón dotar de crédito, por un importe de 44.000,00 €, na seguinte aplicación orzamentaria:

<u>Código</u>	<u>Descrición</u>	<u>Importe</u>
N160.1710.62200	Investimentos Medio Ambiente	44.000,00
	Total Transferencia Positiva	44.000,00 €

Indicando na refererida providencia que: “Vista a necesidade de acometer unha serie de actuacións para a reparación das deficiencias na edificación da cafetería sita no Xardín Xaponés, expostas na memoria valorada redactada polo arquitecto municipal, e a vista, así mesmo, da insuficiencia de crédito orzamentario existente nas aplicacións orzamentarias xestionadas pola Concellería de Medio Ambiente para a execución material das obras”.

Constando no expediente informe asinado, en data 07/04/2021, polo Técnico de Administración Xeral e o Director Xeral de Recursos Humanos e rubricado polo Sr. Concelleiro Delegado de Recursos Humanos, o 08/04/2021, no que indica que:

“Visto a solicitude de informe acreditativo da dispoñibilidade do crédito no capítulo I de persoal Area de gasto 1 do orzamento vixente e as aplicacións orzamentarias concretas nas que exista dita dispoñibilidade por importe global de 44.000,00 € (corenta e catro mil euros), para as necesidades de inversión en no servizo de Medio Ambiente,

Informase que conforme os datos proporcionados polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, tendo en conta a evolución dos créditos, e a existencia de vacantes que non foron cubertas neste período, é posible a redución das dotacións destes áreas de gasto sen perturbación dos respectivos servizos no seguinte importes:

No marco da **Area de Gasto 1** polo importe total de 44.000,00 € conforme co seguinte detalle:

APLICACIÓNS QUE PERMITEN REDUCIÓN DE CRÉDITO		
<u>Aplicación</u>	<u>Descrición</u>	<u>Importe</u>
N 280.1700.12101	C Especifico Medio Ambiente. Retrib. Complementarias	44.000,00 €

Total Posible Transf. Negativas: 44.000,00 €

Visto o informe desfavorable elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (ref: JFC/073/2021), de data 13/04/2021, no que se recolle que: (...) “Por este Órgano debe informarse que a **solicitude recibida incumpre o previsto na base 14** do orzamento en vigor (prorrogado do 2020) en canto que “as transferencias de crédito poderán levar consigo a creación de novas partidas orzamentarias sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que non exista partida axeitada á natureza do gasto.
- Que supoña a apertura dun articulo ou concepto novo, dun grupo de programa xa aberto en contabilidade.
- Que respecte a estrutura orzamentaria vixente.
- Que persiga a atención de gastos xenéricos.”

En primeiro lugar, porque a aplicación orzamentaria pertencente ó capítulo 6 do orzamento de gastos que se pretende incrementar coa transferencia de crédito non existe a día de hoxe no orzamento municipal, tal e coma se pode comprobar no orzamento prorrogado, que non recolle esta aplicación para gastos de investimentos e non está aperturado o Capítulo 6 a nivel do Grupo de Programa para o que se solicita a modificación orzamentaria, polo que a transferencia incumpriría a base 14 do orzamento en vigor, sendo ademais que a aplicación a incrementar neste Capítulo 6 non semella ter o carácter de perseguir “a atención



de gastos xenéricos” requirido neste caso”.

(...) E conclúe: “ De conformidade coas consideracións anteriores, observando que neste expediente non se están a cumprir os requisitos que esixen as Bases de Execución e tendo en conta, así mesmo, o previsto nestas Bases en canto ao órgano competente para aprobar as transferencias de crédito (núm 14º.4.a), por este Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria **se informa desfavorablemente** a solicitude de transferencia solicitada ...”

Emitida proposta de modificación orzamentaria 006-T/2021, utilizando a figura das transferencias de crédito, asinada por esta alcaldía, coma responsable da Área de Gasto de Medio Ambiente, e polo Sr. Concelleiro Delegado de Facenda, en data 14/04/2021, na que se recolle: “A Área de Gasto de Medio Ambiente, a vista do estado de execución das aplicacións orzamentarias xestionadas por dito Servizo, manifesta a insuficiencia de crédito orzamentario, para acometer actuacións necesarias segundo consta en informe emitido por técnico municipal, polo que o Sr. Alcalde, en data 07/04/2021, solicita informe á Concellería de Recursos Humanos sobre a posibilidade de existencia de aplicacións orzamentarias do capítulo I de persoal, con suficiente dotación crediticia que poida minorarse sen prexuízo do correcto funcionamento do servizo.

Consta no expediente informe técnico do Servizo de Recursos Humanos, do 07/04/2021, asinado tamén polo Director Xeral na mesma data, e co visto bo do Sr. Concelleiro delegado e data 08/04/2021 no que se sinala unha determinada aplicación orzamentaria, do capítulo I de persoal, cuxa dotación pode ser reducida “sen perturbación do servizo” e poden transferir crédito, por un importe total de 44.000,00 euros, á aplicación orzamentaria que o precisan.

Tendo en conta o exposto, así como a existencia de dotación crediticia en aplicacións de persoal, o Sr. Alcalde como responsable da area de Medio Ambiente, mediante Providencia, asinada o 07/04/2021, solicita ao Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria **“a incoación dun expediente de modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de crédito, por importe global de 44.000,00 €, segundo o seguinte detalle: (...)**

Visto o informe elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (ref.: JFC/073/2021), de data 13/04/2021, desfavorable a proposta de modificación remitida a ese Órgano.

De conformidade cas consideracións anteriores, considerando que neste expediente se están a cumprir os requisitos que esixen as Bases de Execución e tendo en conta, así mesmo, o previsto nestas Bases en canto ao órgano competente para aprobar as transferencias de crédito (núm. 14º.4.a), a **proposta de resolución** que se eleva ao Sr. Alcalde-Presidente, previa conformidade dos responsables das áreas de gasto afectadas pola modificación orzamentaria e previo informe favorable da Intervención Municipal, é a seguinte:

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 006-T/2021, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 1

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N160.1710.62200	Investimentos Medio Ambiente	44.000,00
Total Transf. Positivas:		44.000,00 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N280.1700.12101 (RC mod 202100019359)	Complemento específico Medio Ambiente	44.000,00
Total Transf. Negativas:		44.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e á Concellería de Medio Ambiente para o seu coñecemento e aos efectos oportunos”.

Visto o Oficio da Intervención Municipal (ref.: 156/21), de data 19/04/2021, no que se recolle que: (...) “trasládase ao órgano instrutor do expediente, unha petición formal de informe relativo aos remanentes de incorporación obrigatoria ao exercicio económico do 2021, co gallo de verificar se os grupos de programa que apuntan ao capítulo VI na proposta de resolución, van ter reflexo no orzamento municipal vixente.

Por outra banda, de cara á mellora da conformación do expediente, con independencia de recordar a necesidade de axilizar os trámites para incorporar ao exercicio económico do 2021, aqueles remanentes que por estar afectados a proxectos de gastos ou contar cun financiamento alleo, representan unha capacidade de gasto susceptible de ser utilizada sen necesidade esperar ao resultado da liquidación do exercicio anterior, advírtese que a clasificación económica axeitada para acometer rehabilitacións ou actuacións de reposición en edificios públicos que supoñan un incremento da súa capacidade, rendemento ou eficiencia, ven represetado polo concepto 632 de conformidade co disposto na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, polo o que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais”.

Emitido polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria informe en data 21/04/2021 (ref.: JFC/080/2021), no que se recolle que: (...) “Os créditos incorporados ó exercicio 2021, por calquera dos motivos validamente admitidos serán coñecidos e reflexados no orzamento 2021 cando se tramite/n o/s expediente/s administrativo/s que corresponda/n, polo que previamente a dita





Concello de **OURENSE**

tramitación (que se resume en nota a pe de informe) este Órgano de Xestión Económica so pode informar que procederase a incorporar todos os remanentes de crédito de incorporación obrigatoria salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización, non podendo informar nada mais sobre o particular entre tanto non se tramite/n o/s expediente/s procedentes, cuestión esta sobre a que, en cambio, si que se ten manifestado a Intervención Xeral en expediente anterior (2021004849 – TR004/2021) sen necesidade de solicitar informe a este Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria.

(...) E conclúe: “En canto a referencia feita polo Sr. Interventor a que a clasificación económica axeitada ven representada polo concepto 632 e non polo 622, compre indicar que o informe emitido por este Órgano foi desfavorable á proposta recibida, se ben tamén é de recibo indicar que no Orzamento do Concello de Ourense no ano 2018 (primeiro ano no que o funcionario asinante exerce funcións neste Concello) e anteriores non estaba creado o concepto 632, figurando o concepto 622 nas seguintes aplicacións orzamentarias (...)”.

Visto o informe emitido pola Intervención Xeral en data 27/04/2021 (ref: 6-T/21), no que se recolle que:

“(...) As transferencias de crédito representan unha categoría das modificacións orzamentarias que consisten en imputar o importe total ou parcial dun crédito, a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica, sen que se altere a contía total do orzamento.

A razón básica da utilización deste mecanismo de modificación, atópase na necesidade de salvar a rixidez dimanante dunha subdivisión dos créditos tan detallada e minuciosa, como é a que se desprende da estrutura do orzamento de gastos, dotado de numerosas divisións e subdivisións.

(...)

A fiscalización do expediente realízase suxeita a limitacións por mor de non ser atendida a petición formal dun informe relativo aos remanentes de incorporación obrigatoria ao exercicio económico do 2021, co gallo de verificar que os grupos de programa que apuntan ao capítulo VI na proposta de resolución, van ter reflexo no orzamento municipal vixente.

De feito, a base 14ª das de execución do orzamento, suxeita as transferencias de crédito cando estas supoña a creación de novas aplicacións orzamentarias ao cumprimento dunha serie de requisitos, en particular :

- Que non exista partida axeitada á natureza do gasto.*
- Que supoña a apertura dun articulo ou concepto novo, dun grupo de programa xa aberto en contabilidade.*
- Que respecte a estrutura orzamentaria vixente.*
- Que persiga a atención de gastos xenéricos.*

(...)

4.- Conclusións

Mais aló das limitacións expresadas en orde a unha axeitada fiscalización do expediente administrativo, a proposta de transferencia de crédito número 6 en tramitación apunta a unha clasificación económica inaxeitada para reflectir a rehabilitación de edificios municipais, toda vez que a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, polo o que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, establece o concepto 632 para acometer actuacións de reposición en edificios públicos que supoñan un incremento da súa capacidade, rendemento ou eficiencia, polo que se informa desfavorablemente o expediente remitido.”

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o número 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, tomando en consideración as indicacións recollidas nas conclusións do informe da intervención municipal con ref 6-T/21 e como antecedente o expediente 2021004849 no que se ten aprobado a modificación orzamentaria 4T/2021, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 006-T/2021, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:



Área de gasto 1

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descripción	Importe
N160.1710.63200	Investimentos reposición Medio Ambiente	44.000,00
Total Transf. Positivas:		44.000,00 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descripción	Importe
N280.1700.12101 (RC mod 202100019359)	Complemento específico Medio Ambiente	44.000,00
Total Transf. Negativas:		44.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e **á Concellería de Medio Ambiente** para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

